

## PEZA DO MES

setembro

2022

---



**VIDRO MILLEFIORI**  
**CIBDÁ GALAICO-ROMANA DE ARMEA**



LUGAR DE APARICIÓN DO FRAGMENTO DESCRITO

### Vidro *Millefiori* da Cibdá galaico-romana de Armea

A peza que presentamos é un fragmento de fondo realizado coa técnica *millefiori*, parte da colección de vidros mosaico recollidos na Cibdá galaico-romana de Armea (Santa Mariña de Augas Santas, Allariz, Ourense). Dentro do rico conxunto de materiais mobles aparecidos no xacemento, destaca o grupo de obxectos fabricados en vidro, non soamente pola súa cantidade, senón tamén pola súa diversidade. Identificáronse botellas, cuncos e pratos, feitos con diferentes técnicas (incluíndo os fragmentos *millefiori*), pero tamén contas de colar (oculadas, de melón ou discoides) ou fragmentos de ventá, xunto con escouras e outros restos.

Este fragmento pertencería a un fondo ápodo, plano, engrosado na súa parte central. Como dixemos, a súa relevancia reside en que está fabricado coa técnica *millefiori*, que consiste en unir con calor variñas de vidro de diversas cores (que neste caso serían vermello, amarelo, verde e azulado) que se unen entre si formando patróns que se asemellan a flores, de aí o nome polo que son coñecidos. Despois, córtanse finas seccións dos diferentes ramos de variñas de vidro e aplícanse a un molde para obter a peza desexada, para ser fundidas xuntas sobre

unha base. Dada a concentración de masa vítrea, derivada desta técnica, a peza presenta un acabado opaco. Este tipo de pezas terán o seu momento de esplendor en época altoimperial.

O xacemento de Armea encóntrase preto de Santa Mariña de Augas Santas en Allariz (Ourense) e na antigüidade formaría parte do *conventus bracarensis*. Aínda que tamén se escavou o próximo xacemento do Monte do Señorío, as intervencións centráronse no predio chamado «A Atalaia», no que sería a parte norte do xacemento. Aquí, unha terraza que bordea o monte posibilita a construción de diversas edificacións. As escavacións neste predio foron iniciadas na década de 1950 por Francisco Conde-Valvís, enxeñeiro de Valverde. Nestas primeiras intervencións localizáronse dúas casas ou *domus* dispostas a ambos lados dunha rúa central empedrada. Xa neste primeiro momento quedou patente a riqueza de Armea, non só polo impresionante estado de conservación de muros e pavimentos, senón tamén polos materiais recollidos, entre os que destaca un numeroso conxunto de elementos decorados líticos. A investigación nas aldeas veciñas, tamén lle permitiu documentar e, nalgúns casos, recuperar, algunhas pezas que parecían proceder de Armea. Entre elas, cabe mencionar dous torsos de guerreiro. Os seus achados quedaron recollidos

no seu caderno de campo, fotografías e dous artigos, pero os restos foron reenterrados despois, entre outras cousas, de sufrir vandalismo. Habería que esperar ata o ano 2011 para que, en paralelo á escavación do Señorío, os arqueólogos volvesen á Atalaia para desenterrar as estruturas descubertas por Valvís. Ben que, como dixemos, nun primeiro momento, os traballos centráronse en recuperar as estruturas xa documentadas por Valvís, a partir de 2014 a escavación ampliouse ao longo da rúa central e a ambos lados dela, co obxectivo de continuar exhumando diversas estancias das *domus*, así como espazos exteriores, para comprender a organización do espazo e datalo con precisión. Actualmente documéntanse tres casas ou *domus* con patio central, que recordan as construcións romanas, pero reinterpretadas baixo a óptica local. Cada unha delas noméase en función dun dos símbolos en pedra que as decoraban, e que se atoparon nos entullos asociados a elas: ao norte, a *domus* do Hexáscele; ao sur, a da Roseta; ao leste, a do Tríscele. Os materiais asociados ás *domus* datan a súa vida útil entre mediados-finais do século I d. C. e inicios do século III. Non obstante, recuperáronse tanto estruturas como materiais que indican a existencia dunha ocupación anterior, entre finais do século I a. C. e inicios do século I d. C. que foi desmantelada para levantar as casas que vemos na actualidade.

Retomando a peza que nos ocupa, pertence ao conxunto de materiais relacionado co momento de abandono da *domus* norte ou do Hexáscele. Foi recollido na campaña de escavación de 2018 nun estrato orgánico, de cor negra, encima do pavimento terreo da chamada «estancia C», contra o muro sur. A estancia C está nun nivel inferior ao resto de habitacións da casa, localizada na súa parte media (ao norte do patio lousado a través do cal se chega á cociña e finalmente á rúa central) como parte dunha serie de espazos posiblemente relacionados coa produción de viño e o almacenamento de produtos alimenticios. A entrada á estancia está conformada por unhas escaleiras que descenden ata chegar ao pavimento, de terra pisada. O elemento máis característico deste espazo é unha columna que se levanta no seu centro, e que actualmente é posible vela, grazas a que as pezas orixinais foron restituídas pola restauradora do xacemento. Ademais, conta cun banco corrido en tres dos seus lados, no que posiblemente se erguerían estantes de madeira para organización e almacenamento. As unidades estratigráficas relacionadas co abandono e uso desta habitación achegaron unha gran cantidade de material, tanto cerámica, como vidros ou metais. O momento de abandono desta estancia debe situarse arredor de inicios do s. III. Cremos que a localización e características deste espazo, máis baixo, posiblemente máis fresco e con estantes para

augmentar o espazo de almacenamento (referendado ademais pola gran cantidade de cerámica recuperada) lévannos a pensar que funcionaría como unha adega ou lacena para alimentos e outros produtos. Entre os materiais destacan os numerosos pratos de perfil baixo, potes e xerras para o servizo e almacenaxe de líquidos (quizais do viño producido na mesma *domus*) e xerriñas monoansadas para o consumo individual, algunha delas con grafitos.

En Armea recuperáronse outros dous fragmentos realizados con esta técnica. Dado que se recolleron en zonas diferentes. Todos parecen corresponder a cuncos ou pratos. Ambos fragmentos son bordos: un deles, moi pequeno, encontrouse na *domus* da Roseta na campaña de 2016; o outro, localizouse recentemente no exterior leste da *domus* do Hexáscele.



FRAGMENTO DE BORDO ENCONTRADO EN 2016

A *domus* do Tríscele é especialmente interesante para o estudo do vidro en Armea. Na estancia situada máis ao sur, recolléronse numerosas escouras e outros restos relacionados posiblemente coa produción de vidro a pequena escala. As extensas capas con restos de queimado, poderían estar apuntando tamén á existencia deste taller, ben na mesma estancia ou nalgún espazo próximo aínda sen escavar.

A presenza do conxunto de vidros *millefiori* vén reforzar a importancia de Armea na rede comercial, xa desde inicios-mediados do século I, xa que son pezas relativamente escasas, especialmente nos territorios interiores. A maioría dos paralelos que se atopan aparecen en xacementos costeiros, como o de Trega (que se puido reconstruír na súa maior parte) ou o do Porto, ou ben aqueles mellor comunicados por vía fluvial (como Briteiros ou Monte Mozinho) ou terrestres (como León ou Santomé).



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Adolfo Fernández Fernández, Alba Antía Rodríguez Nóvoa e Patricia Valle Abad.

GAAAT– Universidade de Vigo

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

ISSN: 1579-9956